SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18 DE XUÑO DE 2.008

Na Casa do Concello de Sárria, sendo as nove horas e quince menutos do día dezaoito de Xuño de dous mil oito, comparecen ó obxecto de celebraren, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, os Concelleiros que de seguido se sinalan, para o cal foron convocados legalmente en tempo e forma, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde ***D. Claudio M. Garrido Martínez.***

ASISTENTES: ***D. Pablo López Barrera***
Dna. Violeta Bernardo Vázquez
D. Francisco Javier García López
Dna. Ana Mª Arias Neira
D. Germán Arias López

Asiste e certifica do acto o Secretario Titular, ***D. José Antonio Carro Asorey.***

Así mesmo asiste a Sra. Interventora Titular, ***Dna. Mª Aranzazu Sastre Carracedo.***

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.-

Non formulándose por ningún dos Concelleiros asistentes obxección algunha ó contido da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día **7 de Maio de 2.008;** a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou prestarlle a súa aprobación.

2.- CONTA DE GASTOS.-

A Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, con cargo ós respectivos capítulos, artigos, e conceptos do vixente Presuposto de Gastos desta Corporación, vistos os informes de Intervención, acorda prestar aprobación ós seguintes gastos, declarándoos de abono:

A "COOPERATIVA GANADERA DE SARRIA, S.C.L"	**1.558,57 €**
A VALENTÍN SÁNCHEZ MOURÍN	**6.496,00 €**

3.- LIQUIDACIÓNS DE INGRESOS.-

Dase conta das seguintes liquidacións de ingresos:

- De **IBERDROLA,** referente á participación deste Concello nos ingresos obtivos por dita Compañía durante o mes de Maio de 2.008 e que ascende á cantidade de **22,95 €.**

- Da **DELEGACIÓN DE ECONOMIA E FACENDA DE LUGO**, referente á participación deste Concello nos Ingresos de "Telefónica de España, S.A", referida á liquidación definitiva de 2.007 e declaración-liquidación correspondente ó 1º trimestre de 2.008 e que ascende á cantidade de **16.385,21 €.**

- Da **DELEGACIÓN DE ECONOMIA E FACENDA DE LUGO**, referente á distribución das cuotas nacionais do Imposto sobre Actividades Económicas ó Transporte, correspondente ó período comprendido entre o 1 de Xuño de 2.007 e o 9 de Abril de 2.008 (Exercicios 2.007 e 2.006), e que ascende á cantidade de **2.155,60 €.**

A Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou darse por enterada.

4.- ESCRITO DA A.E.A.T REFERENTE A COMPENSACIÓN DE DÉBEDAS.-

Visto o escrito da **AXENCIA TRIBUTARIA;** referente a notificación de inicio do procedemento de compensación de oficio de débedas pendentes de pago á Confederación Hidrográfica do Norte por danos ocasionados ó Dominio Público Hidráulico, cun importe de **540,91 €;** a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou darse por enterada.

Visto o escrito da **AXENCIA TRIBUTARIA;** referente a notificación de inicio do procedemento de compensación de oficio de débedas pendentes de pago á Confederación Hidrográfica do Norte por danos ocasionados ó Dominio Público Hidráulico, cun importe de **480,80 €;** a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou darse por enterada.

Visto o escrito da **AXENCIA TRIBUTARIA;** referente a notificación de inicio do procedemento de compensación de oficio de débedas pendentes de pago á Confederación Hidrográfica do Norte por danos ocasionados ó Dominio Público Hidráulico, cun importe de **601,01 €;** a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou darse por enterada.

Visto o escrito da **AXENCIA TRIBUTARIA;** referente a notificación de inicio do procedemento de compensación de oficio de débedas pendentes de pago á Confederación Hidrográfica do Norte por danos ocasionados ó Dominio Público Hidráulico, cun importe de **420,71 €;** a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou darse por enterada.

Visto o escrito da **AXENCIA TRIBUTARIA;** referente a requerimento de débitos pendentes de pago á Confederación Hidrográfica do Norte por danos ocasionados ó Dominio Público Hidráulico, cun importe de **1.792,43 €**; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou darse por enterada.

5.- RESUMO FACTURACIÓN 1º TRIMESTRE SERVIZO DE AUGAS.-

Visto o escrito formulado por **"ESPINA & DELFÍN, S.L",** Empresa Adxudicataria do Servicio Municipal de Augas; en relación a remisión de lista cobratoria do Servizo de Augas e Alcantarillado correspondente ó 1º Trimestre do ano 2.008 e que ascende á cantidade de **219.406,69 €;** a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou darse por enterada.

6.- LICENCIAS DE OBRAS DE ACTIVIDADES (RAMINP).

A) "ESCOLLEME, S.L.L" PARA INSTALACIÓN DE CAFÉ-BAR-PUB NA RÚA GREGORIO FERNÁNDEZ, 21-BAIXO.-

Examinado o expediente tramitado a instancia de **"ESCOLLEME, S.L.L",** titular do C.I.F. núm., B-27.295.757 e domicilio social na rúa Gregorio Fernández, 21-Baixo, para proceder á instalación de Café-Bar-Pub na rúa Gregorio Fernández, 21-Baixo, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Que admitido a trámite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e o da Corporación Municipal.

SEGUNDO: Que elevado o expediente á Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, a medio de escrito recibido en data 16 de Xuño de 2.005, remítese informe favorable desde o punto de vista estríctamente sanitario a dita instalación.

TERCEIRO: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente de Lugo, este Organismo, con data 14 de Xuño de 2.007, informa en sentido favorable, calificando dita actividade como *MOLESTA* pola producción de ruídos; condicionado o informe ó cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria presentados, facendo constar que:

- Velarase polo cumprimento do preceptuado en:

  - **REBT** e os seus **ITC**^{S} (Regulamento electrotécnico de baixa tensión e as súas Instruccións técnicas complementarias)

  - **N.B.E.-C.A/88** (Norma Básica da edificación, sobre condicións acústicas en edificios).

- O informe condició nase a que por parte do Concello, no exercicio das súas competencias, realice verificación dos niveis de aillamento acústico, na franxa horaria máis desfavorable, coa fin de determinar se ditos niveis se axustan ó disposto na NBE-CA/88.

- **Lei 7/97,** de protección acústica, Decreto 150/99, de 7 de maio (Regulamento de Protección Acústica) e a Ordenanza Municipal en materia de ruídos.

- A doble porta de acceso e mentras se desenvolva a actividade, permanecerán abatidas, de xeito que o vestíbulo creado, evite a transmisión de ruídos ó exterior.

- **N.B.E.-C.P.I./96** (Norma básica da edificación, sobre protección contra incendios en edificios) e percorridos de evacuación e sinalización dos mesmos.

- Polo que se refire ós <u>resíduos xerados</u> terase en conta o seguinte ordenamento xurídico:

  - **Lei 10/1998**, de 21 de abril de resíduos.

- En canto ó referente ós <u>resíduos sólidos urbáns</u> terase en conta:

  - **Lei 10/1997,** de 22 de agosto, de resíduos sólidos urbáns.

CUARTO: Que o lugar de emprazamento non está en contradicción coas Ordenanzas e acordos sobre o particular.

<u>FUNDAMENTOS DE DEREITO</u>

PRIMEIRO: Que a normativa urbanística deste Concello (Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal), aplicable á instalación que se pretende realizar, deberase adaptar ós preceptos contidos na Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia".

SEGUNDO: Que é competencia desta Xunta de Goberno a concesión da licencia solicitada, de conformidade co disposto na Resolución de Alcaldía nº 466/07, de data 2 de Xullo de 2.007, de delegación de atribucións.

Visto todo canto antecede e os informes obrantes no expediente; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acorda:

1.- Proceder á ***CONCESIÓN DA LICENCIA*** para a instalación solicitada, debendo cumprirse as observacións e medidas correctoras que figuran no proxecto técnico e as que, nos seus informes sinalan a Comisión Provincial do Medio Ambiente de Lugo e o Sr. Aparellador Municipal, non podendo comezar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licencia definitiva, para o que será indispensable que se levante acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, acompañando á petición certificado do técnico director das obras e instalacións, no que se especifique a conformidade das mesmas e das medidas correctoras adoptadas cos termos desta licencia.

2.- Proceder, segundo determina o artigo 196.2 da xa citada Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", á concesión da correspondente *licencia de obras de actividades*, coas condicións seguintes:

a) As obras axustaránse estríctamente ó proxecto técnico presentado, debendo notificar a este Concello o nome dos técnicos responsables da execución das mesmas: Arquitecto e Arquitecto Técnico (artigos 12 e 13 da LOE), así como da adopción das medidas correctoras resinadas no proxecto. Con Certificación Final de obra que acredite que se adoptaron, requisito previo para a solicitude de licencia definitiva. Dito final de obra deberá vir acompañado de Certificación por laboratorio homologado do cumprimento da normativa de ruidos.

Así mesmo deberanse deberanse adopta-las medidas correctoras e especificacións relacionadas na autorización da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e na Licencia de Actividade Provisional.

b) Na obra colocarase en lugar visible o cartel co nome do promotor ou propietario, contratista, arquitecto, aparellador e/ou técnico responsable das obras e núm. da licencia.

c) Estímase o prazo de execución das obras: 3 meses

d) Ocupación máxima do local: 43 persoas.

e) Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **578,08 €**

3.- Notifica-lo presente acordo ó interesado, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

4.- Así mesmo, dar traslado do presente acordo ó Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible de Lugo, ós efectos oportunos.

7.- ACTUACIÓNS INTEGRADAS DENTRO DA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CONCELLO DE SÁRRIA:

A) D. JOSÉ AMADOR BERNARDO VÁZQUEZ PARA ADECUACIÓN DE FACHADA E REFORMA INTERIOR DE INMOBLE SITO NA RÚA MARQUÉS DE UXENA, 26.-

Vista a solicitude formulada por **D. JOSÉ AMADOR BERNARDO VÁZQUEZ,** titular do D.N.I. nº 76.615.817-B e domicilio a efectos de notificación na rúa Doctor Corbal, 15-1º de Vigo (Pontevedra); interesando a concesión de licencia municipal para proceder á realización de obras de adecuación de fachada e reforma interior de inmoble sito na rúa Marqués de Uxena, 26, de conformidade coa memoria-valorada redactada polo Arquitecto Director da Oficina de Rehabilitación do Concello de Sárria D. Oscar López Alba, cun presuposto de 63.894,92 €, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: En data 1 de Febreiro de 2008 polo interesado procédese á presentación neste Concello da preceptiva solicitude de licencia de obras.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A vivenda atópase situada na área de rehabilitación do Concello de Sarria e dentro da delimitación aprobada para a concesión de subvencións dentro do casco histórico (A.R.I).

SEGUNDO: En data 1 de Febreiro de 2008, polo interesado procédese á presentación neste Concello de solicitude de subvención para realización de obras de rehabilitación do inmoble antes referenciado.

Á vista do que antecede, do informe favorable emitido polo Arquitecto Director da Oficina de Rehabilitación e a documentación obrante no expediente; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria, coa abstención da Sra. Concellala Dna. Violeta Bernardo Vázquez, acorda:

1.- Proceder á ***CONCESIÓN*** da licencia de obras solicitada, coas condicións seguintes:

a) As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

b) Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas, materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

c) Estímase o prazo de execución das obras: Iniciación: 3 meses
Terminación: 18 meses.

d) Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: O resultante do seguinte desglose:

-	PRESUPOSTO EXECUCIÓN MATERIAL:	63.894,92 €
-	COTA TRIBUTARIA:	1.277,90 €
-	IMPORTE BONIFICADO: (Acordo Concello Pleno 26-01-07)	1.214,00 €
	IMPORTE A ABOAR:	**63,89 €**

2.- Notifica-lo presente acordo ó interesado, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

B) D. OSCAR ALVAREDO LÓPEZ PARA REFORMA DE FACHADA, CUBERTA, INSTALACIÓNS E TABIQUERÍA DE INMOBLE SITO NA RÚA MAIOR, 2 (FASE II).-

Vista a solicitude formulada por **D. OSCAR ALVAREDO LÓPEZ,** titular do D.N.I. nº 76.620.158-M e domicilio a efectos de notificación na rúa Diegos Pazos, 34; interesando a concesión de licencia municipal para proceder á reforma de fachada, cuberta, instalacións e tabiquería de inmoble sito na rúa Maior, 2 (Fase II), de conformidade coa memoria-valorada redactada polo Arquitecto Director da Oficina de Rehabilitación do Concello de Sárria D. Oscar López Alba, cun presuposto de 156.011,85 €, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: En data 24 de Maio de 2007 polo interesado procédese á presentación neste Concello da preceptiva solicitude de licencia de obras.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A vivenda atópase situada na área de rehabilitación do Concello de Sarria e dentro da delimitación aprobada para a concesión de subvencións dentro do casco histórico (A.R.I).

SEGUNDO: En data 24 de Maio de 2007, polo interesado procédese á presentación neste Concello de solicitude de subvención para realización de obras de rehabilitación do inmoble antes referenciado.

Á vista do que antecede, do informe favorable emitido polo Arquitecto Director da Oficina de Rehabilitación e a documentación obrante no expediente; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acorda:

1.- Proceder á ***CONCESIÓN*** da licencia de obras solicitada, coas condicións seguintes:

a) As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

b) Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas, materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

c) Estímase o prazo de execución das obras: Iniciación: 3 meses
Terminación: 18 meses.

d) Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: O resultante do seguinte desglose:

-	PRESUPOSTO EXECUCIÓN MATERIAL:	156.011,85 €
-	COTA TRIBUTARIA:	3.120,24 €
-	IMPORTE BONIFICADO: (Acordo Concello Pleno 26-01-07)	2.964,23 €
	IMPORTE A ABOAR:	**156,01 €**

2.- Notifica-lo presente acordo ó interesado, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

8.- LICENCIAS DE OBRAS DE ACTIVIDADES (ORDINARIAS):

A) D. MANUEL FERNÁNDEZ ÁLVAREZ PARA VENDA Ó POR MENOR DE ROUPA DE DEPORTES EN PRAZA GALICIA, 34-36, BAIXO.-

Visto o expediente tramitado a instancia de **D. MANUEL FERNÁNDEZ ÁLVAREZ,** titular do D.N.I. nº 33.323.478-C e domiciliado en Praza Galicia, 34-36, Baixo; interesando licencia municipal de apertura de local comercial para venda ó por menor de roupa de deportes en Praza Galicia, 34-36, Baixo, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Formulada a solicitude, ésta foi admitida a trámite.

SEGUNDO: No expediente consta o informe da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais de Lugo, sobre as condicións sanitarias emitido en sentido favorable.

TERCEIRO: En data 10 de Outubro de 2.005, por este Concello procédese á remisión do citado expediente á Consellería de Cultura, ó atoparse a ubicación das obras pretendidas en zona de protección do Camiño de Santiago, coa fin de recaba-lo preceptivo informe, necesario para poder continua-la tramitación do expediente referenciado.

CUARTO: Pola Consellería de Cultura, "Dirección Xeral de Patrimonio Cultural", en data 31 de Xaneiro de 2.006, procédese a adopción de resolución ó respecto do citado expediente, non autorizando a intervención solicitada, indicando que "*os baixos deberán tratarse de xeito que se vaia modificando a imaxe de determinados ámbitos urbanos cuxo crecemento ven sendo pouco acorde coa protección á que están sometidos*"

Indicando así mesmo, que "*para que se poda proceder á legalización das obras xa realizadas deberán presentar un proxecto de legalización que recolla as medidas correctoras necesarias para reducir o impacto do local, contando co establecido na Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre as condicións das construccións e instalacións ó ambiente no que estean situadas*".

QUINTO: Notificada a citada resolución ó interesado, éste en data 8 de marzo de 2.006, procede á presentación de anexo ó proxecto, no que contempla proposta de repintado da fachada do local en cor verde, acorde cos criterios establecidos pola citada Consellería, a fin de reduci-lo impacto do local co entorno do Camiño de Santiago.

Dita proposta elévase á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, quen a medio de resolución dictada en data 15/09/2006, procede á non autorización do proxecto, "*dado que as obras se atopan xa realizadas, instando ao Concello de Sarria que inicie un expediente de reposición da legalidade*".

SEXTO: Por este Concello, a medio de resolución de alcaldía díctada en data 27 de Febreiro de 2.007, procédese á incoación dos oportunos expedientes para a reposición da legalidade urbanística e sancionador en relación coa infracción urbanística resinada; dando cumprida conta do actuado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en data 05/03/07.

SÉTIMO: Pola citado Organismo Autonómico, procédese á remisión de nova resolución adoptada ó respecto en data 03/05/07, pola que procede novamente á non autorización da solicitude formulada, "*posto que non se da cumprimento á resolución anterior desta Dirección Xeral de data 01/02/06 de "incorporar as medidas necesarias para reducir o impacto do local e a súa adecuación ao ambiente no que se sitúa", e en atención á mesma o previsto no anexo de data*

18/03/06, que propuña como medida correctora o repintado da fachada en cor verde".

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A normativa urbanística deste Concello (Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal) aplicable ós terreos onde se pretende a construcción, deberase adaptar ós preceptos contidos na Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro; así como cumprimenta-lo disposto na Disposición Transitoria Primeira da Lei 3/1996, de 10 de maio, de "Protección dos camiños de Santiago" pola que se regula a delimitación, deslinde e réxime urbanístico do Camiño; e Resolución de 12 de novembro de 1.992 da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura e Xuventude, pola que se concreta e define a delimitación do conxunto histórico do camiño de Santiago (Camiño Francés).

SEGUNDO: No expediente constan emitidos os preceptivos informes.

TERCEIRO: Que de conformidade coa normativa antedita, non se poderá proceder á concesión da correspondente licencia de obras municipal, sen a preceptiva autorización do organismo titular do dominio público onde se pretende executa-las obras.

Á vista do que antecede e o informe desfavorable emitido ó respecto; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Denega-la licencia solicitada por **D. MANUEL FERNÁNDEZ ÁLVAREZ,** para proceder á apertura de local comercial para venda ó por menor de roupa de deportes en Praza Galicia, 34-36, Baixo, ó non contar coa preceptiva autorización da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, "Dirección Xeral de Patrimonio Cultural".

2.- Notifica-lo presente acordo ó interesado coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

9.- EXPEDIENTES URBANISMO:

A) D. JOSÉ ANTONIO DÍAZ CORRAL PARA CONSTRUCCIÓN DE SILO TRINCHEIRA PARA MELLORA DE EXPLOTACIÓN AGRÍCOLA EN SANTA ICIA (LOUREIRO).-

Examinado o expediente tramitado a instancia de **D. JOSÉ ANTONIO DÍAZ CORRAL,** titular do D.N.I. núm., 34.246.933-W e domiciliado en Santa. Icia, 4 (Loureiro), para proceder á construcción de Silo trincheira para mellora de explotación agrícola en Santa Icia, 4, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO, que segundo se desprende do informe técnico emitido, de acordo coas Normas Subsidiarias de Planeamento vixentes neste Municipio, a construcción que se pretende atópase dentro de Solo Rústico e dentro dos usos previstos ou tolerados pola Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro, polo que deberá tramitarse o expediente segundo o especificado no artigo 41 da citada Lei.

SEGUNDO, que o expediente foi exposto ó público a medio de anuncios insertos no Diario "El Progreso", correspondente ó día 30 de Outubro de 2007, e no Taboleiro de Anuncios desta Entidade, en cumprimento do disposto no artigo 41.2 b) da citada Lei 9/2.002, de 30 de Decembro, polo prazo de vinte días, sen que durante dito prazo se formulasen reclamacións ó respecto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO, que a normativa urbanística deste Concello (Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal), aplicable ós terreos onde se pretende a construcción, deberase adaptar ós preceptos contidos na Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro.

SEGUNDO, que de conformidade co informe técnico emitido, o proxecto presentado reúne os requisitos esixidos pola citada Lei 9/2.002, de 30 de Decembro.

A Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, á vista do

plano de situación integrante do proxecto e en cumprimento ó disposto no artigo 41 da Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", acorda:

1.- Informar favorablemente a mencionada instalación.

2.- Informar que, de acordo cos datos aportados no correspondente proxecto técnico (plano de situación e emprazamento), a construcción que se pretende non está comprendida dentro das áreas de protección, segundo Inventario do Patrimonio Histórico Artístico das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provinciais, e tampouco se atopa dentro do contorno de protección do Camiño de Santiago.

3.- Segundo os datos aportados no proxecto técnico, fichas de condicións urbanísticas, destino da mesma, etc, a construcción que se pretende cumpre coas condicións establecidas no artigo 42 da Lei 9/2.002, estando entre os usos e actividades posibles segundo determina o artigo 33 da citada Lei.

4.- Remesa-lo expediente ó Servicio Provincial de Urbanismo, segundo se determina no artigo 41 da Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro, en consoancia co establecido na Disposición Transitoria Undécima, que afecta a explotacións agropecuarias existentes en Núcleo Rural e Solo Rústico.

10.- SOLICITUDES DESESTIMENTOS EXPEDIENTES DE OBRAS E ACTIVIDADES (RAMINP):

A) D. ANTONIO ARIAS LÓPEZ PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN GOIÁN.-

Visto o escrito formulado por **D. ANTONIO ARIAS LÓPEZ,** titular do D.N.I. núm., 34.149.745-N e domiciliado en Airexe, 6 (Goián); a medio do cal manifesta o desestimento de expediente para construcción de Vivenda Unifamiliar en Goián, ó non ter previsto a súa execución; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Aceptar o desestimento formulado por **D. ANTONIO ARIAS LÓPEZ,** respecto de expediente de licenza de obras concedida en data 24 de Outubro de 2.007 para construcción de Vivenda Unifamiliar en Goián.

2.- Proceder, de conformidade co informe técnico emitido en relación á efectiva comprobación da non execución das citadas obras, á anulación da

liquidación practicada ó comprobarse a non existencia do feito impoñible, segundo establece a correspondente Ordenanza Fiscal Reguladora.

3.- Notifica-lo presente acordo ó interesado, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

B) DNA. ANA FERNÁNDEZ LÓPEZ PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ELABORACIÓN DE PAN ARTESANAL EN PERUSCALLO (BELANTE).-

Visto o escrito formulado por **DNA. ANA FERNÁNDEZ LÓPEZ,** titular do D.N.I. núm., 34.265.914-F e domiciliada en Peruscallo (Belante); a medio do cal manifesta o desestimento da tramitación de expediente de licencia de actividades para acondicionamento de local para elaboración de Pan artesanal en Peruscallo (Belante); toda vez que, de momento, non ten previsto exerce-la actividade no citado emprazamento; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Aceptar o desestimento formulado por **DNA. ANA FERNÁNDEZ LÓPEZ,** respecto da tramitación de expediente de licencia de actividades solicitada en data 24 de Maio de 2.007, para acondicionamento de local para elaboración de Pan artesanal en Peruscallo (Belante).

2.- Proceder, de conformidade co establecido nos artigos 90 e 91 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1.999, o arquivo das actuacións xeradas no expediente administrativo dimanante da solicitude de cambio de titularidade da licencia formulada.

3.- Aproba-la liquidación das taxas municipais correspondentes ó desestimento solicitado, estipulada na correspondente Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Licencia de Apertura de Establecementos, cun importe que ascende á cantidade de **12,02 €.**

4.- Notifica-lo presente acordo á interesada, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

C) D. JOSÉ MANUEL EXPÓSITO REAL PARA VACIADO DE LOCAL PARA POSTERIOR ACONDICIONAMENTO, COLOCACIÓN INTERIOR DE SANEAMENTO E LIMPEZA DE

PAREDES DE PEDRA NA RÚA GREGORIO FERNÁNDEZ, 52-BAIXO.-

Visto o escrito formulado por **D. JOSÉ MANUEL EXPÓSITO REAL,** titular do D.N.I. núm., 76.620.462-X e domiciliado na rúa Calvo Sotelo, 165-167, 2º Dereita; a medio do cal manifesta o desestimento da tramitación de expediente para concesión de licenza para vaciado de local para posterior acondicionamento, colocación interior de saneamento e limpeza de paredes de pedra na rúa Gregorio Fernández, 52-Baixo; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Aceptar o desestimento formulado por **D. JOSÉ MANUEL EXPÓSITO REAL,** respecto da tramitación de expediente para concesión de licenza de obras solicitada en data 24 de Febreiro de 2.006 para vaciado de local para posterior acondicionamento, colocación interior de saneamento e limpeza de paredes de pedra na rúa Gregorio Fernández, 52-Baixo.

2.- Proceder, de conformidade co establecido nos artigos 90 e 91 da Lei 30/92 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1.999, o arquivo das actuacións xeradas no expediente administrativo dimanante da solicitude de licenza formulada.

3.- Notifica-lo presente acordo ó interesado, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

11.- SOLICITUDES CAMBIO DE TITULARIDADE EXPEDIENTES DE OBRAS E ACTIVIDADES (RAMINP):

A) "GRANJAS PEVAL, S.C".-

Vista a solicitude presentada por **DNA. Mª DEL CARMEN VALCÁRCEL LÓPEZ, EN REPRESENTACIÓN DE "GRANJAS PEVAL, S.C",** titular do C.I.F. núm., G-27.337.658 e domicilio a efectos de notificacións en Pena S. Salvador, 1; interesando a transmisión da licencia municipal de apertura de Granxa de reses porcinas en Pena Sta. María, e na que figuraba como titular *D. MANUEL POMBO RODRÍGUEZ,* e

<u>ANTECEDENTES DE FEITO</u>

PRIMEIRO: Acredítase fehacientemente a obligación formal dos intervintes de comunicar a este Concello o cambio de titularidade.

SEGUNDO: O establecemento conta coa preceptiva licencia municipal de apertura, concedida por Resolución de Alcaldía de data 19 de Xullo de 1.973.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

TERCEIRO: No expediente consta o informe técnico preceptivo sobor da solidez e seguridade da instalación, emitido en sentido favorable.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Cumpríronse tódolos trámites exixidos, sendo compatible o uso pretendido coas normas urbanísticas de aplicación.

Visto o disposto no artigo 13 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, art. 41.9 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, de 28 de Novembro de 1986 e demáis disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Autoriza-la transmisión solicitada, sen prexuizo das restantes autorizacións que, no seu caso, correspondan outorgar a outros Organismos.

2.- Expedi-la correspondente licencia municipal a favor do novo titular.

3.- Aproba-la liquidación das taxas municipais, practicada polo Servicio de Intervención Municipal, que figura no expediente, cun importe que ascende á cantidade de **90,15 €.**

4.- Notifica-lo presente acordo ó interesado, xunto coa liquidación practicada, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

Neste intre auséntase da sesión a Sra. Concellala, ***Dna. Ana Mª Arias***

Neira.

B) D. JOSÉ RANDÍS DA PENA E D. JOSÉ MANUEL MOURELO GONZÁLEZ.-

Vista a solicitude presentada por **D. JOSÉ RANDÍS DA PENA E D. JOSÉ MANUEL MOURELO GONZÁLEZ,** titulares dos D.N.I. núm., 33.322.734 e 76.579.438-H, respectivamente e domiciliados na rúa Tui, 46-1º de Lugo e Albán, 2, respectivamente; interesando a transmisión da licencia municipal de apertura de Discoteca e instalación de Bar en Paseo do Malecón, 4-Baixo e entrechán, e na que figuraba como titular *"DIYELO, S.L"*, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: O establecemento conta coa preceptiva licencia municipal de apertura, concedida por Resolución de Alcaldía de data 16 de Abril de 1.996, a nome de *"DIYELO, S.L"*.

SEGUNDO: No expediente consta copia de escrito de renuncia e cesión por parte de *"DIYELO, S.L"* dos dereitos da licenza de apertura a favor dos propietarios do inmoble, *D. EDUARDO GONZÁLEZ LÓPEZ E DNA. Mª ELVIRA GARCÍA FERNÁNDEZ.*

TERCEIRO: Acredítase fehacientemente a obligación formal dos intervintes de comunicar a este Concello o cambio de titularidade.

CUARTO: Figuran aportados no expediente, escritos de alegacións ó cambio de titularidade, formulados por *D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ YEBRA, EN REPRESENTACIÓN DE "DIYELO, S.L"*.

QUINTO: No expediente consta o correspondente informe técnico, emitido en data 04/06/08 en sentido desfavorable e no que se fai constar, entroutros extremos, o seguinte:

"2.- Que en el proyecto técnico presentado se comprueba la existencia de modificaciones en la distribución de los locales, además de modificar el destino del local no sólo a discoteca sino también a instalación de bar, y que debieran de cumplir los requisitos del Decreto 292/2004, de 18 de noviembre, por el que se aprueba el catálogo de espectáculos públicos y actividades recreativas de la Comunidade Autónoma de Galicia (DOGA nº 245, de 20/Dic/2004) apartado 2.6.2

y 2.7.2 y que el proyecto técnico no contempla la ejecución o legalización de dichas obras, de las que no se tiene constancia de licencia, ni presupuesto.

III.- <u>CONCLUSIONES</u>

Según lo expuesto anteriormente, el técnico que suscribe, entiende que es necesaria la tramitación de expediente de legalización de actividad, conforme lo establecido en el artículo 196 de la Ley 9/2002, de Ordenación Urbanística y Protección del Medio Rural de Galicia, modificada por la Ley 15/2004 (LOUGA).

Debiéndose de cumplimentar además lo especificado en el artículo 6.5 de la Ley 7/1997, de 11 de Agostio, de protección contra la contaminación acústica, en el que se refleja que "a partir de la presentación del correspondiente certificado de fin de obra, el Ayuntamiento comprobará el cumplimiento de las prescripciones establecidas en el Título II de la Ley sobre Régimen Jurídico de las actividades susceptibles de producción de ruídos y vibraciones. Tal cumplimiento podrá acreditarse mediante certificación expedida por empresas o entidades homologadas.

Sin informe favorable sobre el cumplimiento de los requisitos acústicos exigidos no se concederá licencia de primera utilización. Así como la Ley 37/2003, de 17 de Noviembre, del Ruído, artículo 18.1.c."

<u>FUNDAMENTOS DE DEREITO</u>

PRIMEIRO: Os feitos resinados poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, sendo a normativa aplicable no presente caso a seguinte: Lei 9/2.002, de 30 de Decembro, de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro, Decreto 28/1.999, de 21 de Xaneiro, polo que se aproba o "Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia", Lei 30/1.992, de 26 de Novembro, de "Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común", modificada pola Lei 4/1.999.

Á vista do que antecede, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Denega-la solicitude formulada por **D. JOSÉ RANDÍS DA PENA E D. JOSÉ MANUEL MOURELO GONZÁLEZ** para proceder á transmisión da

licencia municipal de apertura de Discoteca e instalación de Bar en Paseo do Malecón, 4-Baixo e entrechán, e na que figuraba como titular *"DIYELO, S.L.*

2.- Proceder á incoación de expediente para a reposición da legalidade urbanística en relación coas modificacións levadas a cabo no local e das que non se ten constancia do outorgamento da preceptiva licencia municipal.

3.- Practica-las actuacións procedentes para determinar se as obras son compatibles ou non co ordenamento urbanístico, a fin de determina-la eventual legalización ou demolición das mesmas, trala correspondente audiencia ó interesado.

4.- Comunicar ó interesado que en calquera momento do procedemento anterior ó trámite de audiencia, pode aducir alegacións e achega-los documentos ou outros elementos de xuízo que estime pertinentes.

5.- Notifica-lo presente acordo ós interesados, coa expresión dos recursos que contra o mesmo se poidan interpoñer.

C) "INVERSPRO SALGADO, S.L".-

Vista a solicitude presentada por **D. LIBERINO SALGADO LÓPEZ;** titular do D.N.I. núm., 76.612.619-X e domicilio a efectos de notificacións na rúa Calvo Sotelo, 59; interesando o cambio de titularidade de licencia de obras concedida ó seu nome para construcción de Edificio de Vivendas na rúa Calvo Sotelo, 119, pasando a figurar a nome de **"INVERSPRO SALGADO, S.L";** e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A construcción conta coa preceptiva licencia de obras para o proxecto básico e de execución presentado, outorgada pola Xunta de Goberno de data 11 de Xaneiro de 2.005, a nome de *D. LIBERINO SALGADO LÓPEZ.*

SEGUNDO: Acredítase fehacientemente a obrigación formal dos intervintes de comunicar a este Concello o cambio de titularidade.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Cumpríronse tódolos trámites esixidos, sendo compatible o cambio pretendido coas normas urbanísticas de aplicación.

Visto o disposto no artigo 13 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, art. 41.9 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, de 28 de Novembro de 1.986 e demáis disposicións concordantes de aplicación; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Autoriza-la transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, no seu caso, correspondan outorgar a outros Organismos.

2.- Expedi-la correspondente licencia municipal a favor de novo titular, **"INVERSPRO SALGADO, S.L".**

3.- Notifica-lo presente acordo ós interesados, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

D) "CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES EDELMIRO DÍAZ PÉREZ, S.L".-

Vista a solicitude presentada por **D. IVÁN DÍAZ PEREIRO, EN REPRESENTACIÓN DE "IVEMA LUCUS, S.L" e D. EDELMIRO DÍAZ PÉREZ, EN REPRESENTACIÓN DE "CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES EDELMIRO DÍAZ PÉREZ, S.L";** titulares dos C.I.F. núm., B-27.291.020 e B-27.176.189, respectivamente e domicilio a efectos de notificacións na Avda. Carlos Azcárraga, 4-6, Entlo de Lugo; interesando o cambio de titularidade de licencia de obras concedida a nome de *"IVEMA LUCUS, S.L"* para construcción de Edificio de dous sótanos, planta baixa, 5 plantas altas e baixo cuberta para 7 vivendas nas rúas Calexa-Padre Sarmiento, pasando a figurar a nome de **"CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES EDELMIRO DÍAZ PÉREZ, S.L";** e

<u>ANTECEDENTES DE FEITO</u>

PRIMEIRO: A construcción conta coa preceptiva licencia de obras para o proxecto básico e de execución presentado, outorgada pola Xunta de Goberno de data 13 de Abril de 2.007, a nome de *"IVEMA LUCUS, S.L"*.

SEGUNDO: Acredítase fehacientemente a obrigación formal dos intervintes de comunicar a este Concello o cambio de titularidade.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Cumpríronse tódolos trámites esixidos, sendo compatible o cambio pretendido coas normas urbanísticas de aplicación.

Visto o disposto no artigo 13 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, art. 41.9 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, de 28 de Novembro de 1.986 e demáis disposicións concordantes de aplicación; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Autoriza-la transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, no seu caso, correspondan outorgar a outros Organismos.

2.- Expedi-la correspondente licencia municipal a favor de novo titular, **"CONSTRUCCIONES Y PROMOCIONES EDELMIRO DÍAZ PÉREZ, S.L".**

3.- Notifica-lo presente acordo ós interesados, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

12.- LICENCIAS DE OBRAS MENORES.-

A) COMUNIDADE PROPIETARIOS "URB. A PONTEVELLA, 3ª FASE".-

Vista a solicitude formulada pola **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "URB. A PONTEVELLA, 3ª FASE",** titular do C.I.F. nº H-27.171.537 e domicilio social na rúa Fiz Vergara Vilariño; interesando a concesión de licencia municipal para proceder á limpeza de fachada e canalóns de inmoble de dita Comunidade sito na rúa Fiz Vergara Vilariño; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Estímase un prazo de execución das mesmas de catro meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **300 €.**
- Importe Taxa pola colocación de andamios: **360,61 €**

B) DNA. Mª MERCEDES LÓPEZ RODRÍGUEZ.-

Vista a solicitude formulada por **DNA. Mª MERCEDES LÓPEZ RODRÍGUEZ,** titular do D.N.I. nº 34.262.206-A e domiciliada en San Andrés de Paradela; interesando a concesión de licencia municipal para proceder a dar masas a Alpendre sito en San Andrés de Paradela, 10; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Estímase un prazo de execución das mesmas de tres meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **42 €.**

C) D. ANTONIO VILA DÍAZ.-

Vista a solicitude formulada por **D. ANTONIO VILA DÍAZ,** titular do D.N.I. nº 34.267.619-D e domicilio a efectos de notificacións na rúa Toleiro, 19-4º B; interesando a concesión de licencia municipal para proceder á reparación de tellado e limpeza de fachada de inmoble sito en Mazadoiro, 62; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Estímase un prazo de execución das mesmas de tres meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **156,80 €.**

D) D. TOMÁS CASTELLANO MOURÍN.-

Vista a solicitude formulada por **D. TOMÁS CASTELLANO MOURÍN,** titular do D.N.I. nº 76.613.530-R e domiciliado na rúa Castelao, 4; interesando a concesión de licencia municipal para proceder ó peche de finca sita en Cimo de Agra (Vilar de Sarria); a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Os peches terán que desplazarse un mínimo de 4 metros ó eixe da vía pública, ou 2 metros dende a arista da calzada, enfoscados e pintados con tonalidades claras por ámbalas dúas caras.

4.- Estímase un prazo de execución das mesmas de seis meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **266,58 €.**

E) DNA. CELIA LÓPEZ QUINTANA.-

Vista a solicitude formulada por **DNA. CELIA LÓPEZ QUINTANA,** titular do D.N.I. nº 33.807.938-P e domiciliada en Loseiro; interesando a concesión de licencia municipal para proceder á realización de obras menores de rehabilitación de vivenda (peche de terraza, reparación parte de cuberta, construcción de aseo en planta baixa, acondicionamento de local para destina-lo a cociña, picar morteiro de fachada, limpeza e rexuntado de pedra) sita en Pacio, 1 (Loseiro); a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Estímase un prazo de execución das mesmas de seis meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **86 €.**

F) DNA. JOSEFINA MOURÍN LÓPEZ.-

Vista a solicitude formulada por **DNA. JOSEFINA MOURÍN LÓPEZ,** titular do D.N.I. nº 33.739.285-X e domiciliada en Corbelle, 9; interesando a concesión de licencia municipal para proceder ó peche de finca sita en Corbelle; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas e ás condicións da autorización do Servizo de Estradas da C.P.T.O.P.T.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Os peches terán que desplazarse un mínimo de 4 metros ó eixe da vía pública, ou 2 metros dende a arista da calzada, enfoscados e pintados con tonalidades claras por ámbalas dúas caras.

4.- Estímase un prazo de execución das mesmas de catro meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **44,80 €.**

G) D. ANTONIO PÉREZ RIGUEIRO.-

Vista a solicitude formulada por **D. ANTONIO PÉREZ RIGUEIRO,** titular do D.N.I. nº 34.255.031-G e domiciliado en San Xulián de Chorente; interesando a concesión de licencia municipal para proceder ó derrubamento de muro de peche de finca sita en Chorente, para proceder á construcción dun novo; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable, a documentación obrante no expediente e o disposto no artigo 12 do

Decreto de 17 de Xuño de 1.955, polo que se aproba o "Regulamento de Servizos das Corporacións Locais", acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Os peches terán que desplazarse un mínimo de 4 metros ó eixe da vía pública, ou 2 metros dende a arista da calzada, enfoscados e pintados con tonalidades claras por ámbalas dúas caras.

4.- Estímase un prazo de execución das mesmas de catro meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **8,80 €.**

H) D. MANUEL ANTONIO REGUEIRO PÉREZ.-

Vista a solicitude formulada por **D. MANUEL ANTONIO REGUEIRO PÉREZ,** titular do D.N.I. nº 76.620.784-X e domiciliado en Praza Galicia, 26-4º A; interesando a concesión de licencia municipal para proceder ó formigonado de tubos en acceso a finca sita en S. Miguel de Vilapedre: a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Estímase un prazo de execución das mesmas de tres meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **6 €.**

I) DNA. JOSEFINA TEIJEIRO VEIGA.-

Vista a solicitude formulada por **DNA JOSEFINA TEIJEIRO VEIGA,** titular do D.N.I. nº 34.147.960 e domiciliada na rúa José Antonio, 73; interesando a

concesión de licencia municipal para proceder ó peche de finca sita en Xestelo, 1 (Belante), e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Polo interesado procédese á presentación da correspondente solicitude de licencia de obras menores en data 17 de Febreiro de 2.004. Reiterando a mesma, en data 09/09/05 e aportando copia de autorización do Servizo de Estradas da C.P.T.O.P.T.

SEGUNDO: En data 5 de Outubro de 2.005, polo interesado procédese á presentación de documentación complementaria ó expediente.

TERCEIRO: Por este Concello, en data 30 de marzo de 2.006, procédese á remisión do expediente á Consellería de Cultura e Deporte, ós efectos de acada-la preceptiva autorización de dito Organismo.

CUARTO: Pola Consellería de Cultura e Deporte, "Dirección Xeral de Patrimonio Cultural", adóptase resolución en data 27/09/06, pola que procede á non autorización das citadas obras, ó resultar comprobado que se atopan executadas, requerindo a este Concello para a incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO: Por este Concello, a medio de resolución de Alcaldía de data 14/02/07, procédese á incoación do oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas indicadas obras.

SEXTO: Concedido trámite de audiencia, o interesado presenta escrito de alegacións en data 20 de Marzo de 2.007, no que solicita se proceda a declarar restaurada a legalidade urbanística alterada por canto as obras son susceptibles de legalización e atoparse unido no expediente a correspondente solicitude de licenza de obras para a citada construcción.

SÉTIMO: Por este Concello, a medio de escrito de data 12/03/07, procédese á remisión á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, certificación de decreto de alcaldía de data 12/03/07 polo que procede á incoacción do oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística e copia compulsada de informe técnico emitido en data 8/03/07.

OITAVO: En data 26 de Maio de 2.008, pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, adóptase resolución ó respecto do citado expediente de obras, autorizando a solicitude ó cumprimentarse a anterior resolución do citado Organismo, de data 27/09/06.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Que a normativa urbanística aplicable no presente caso é: Lei 9/2.002, de 30 de Decembro, de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro; Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial, Decreto 28/1.999, de 21 de Xaneiro, polo que se aproba o "Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia", Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais; así como a demáis normativa de aplicación.

SEGUNDO: No expediente consta emitido en data 08/03/07, informe técnico ó respecto do cumprimento das obras executadas ás condicións establecidas no artigo 42 da Lei 9/2.002, de 30 de Decembro, adaptándose, dese xeito, á lexislación vixente.

Á vista de canto antecede; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- De conformidade co informe técnico emitido ó respecto da adecuación das obras realizadas á solicitude formulada e á normativa urbanística de aplicación, declarar restaurada a legalidade urbanística vulnerada por *DNA. JOSEFINA TEIJEIRO VEIGA*, procedendo así mesmo, ó arquivo do expediente incoado de reposición da legalidade urbanística en relación coas citadas obras.

2.- Proceder á concesión da licencia solicitada por **DNA. JOSEFINA TEIJEIRO VEIGA,** para proceder ó peche de finca sita en Xestelo, 1 (Belante), ó considerarse restaurada a legalidade urbanística, e de conformidade coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas e ás condicións das autorizacións do Servizo de Estradas da C.P.T.O.P.T e da Consellería de Cultura e Deporte, "Dirección Xeral de Patrimonio Cultural".

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Os peches terán que desplazarse un mínimo de 4 metros ó eixe da vía pública, ou 2 metros dende a arista da calzada, enfoscados e pintados con tonalidades claras por ámbalas dúas caras.

4.- Estímase un prazo de execución das mesmas de catro meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **12 €.**

3.- Notifica-lo presente acordo á interesada coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

J) COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIF. RÚA CALVO SOTELO, 214.-

Vista a solicitude formulada pola **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO DA RÚA CALVO SOTELO, 214;** titular do C.I.F. nº H-27.311.224 e domicilio social na rúa Calvo Sotelo, 72-Baixo; interesando a concesión de licencia municipal para proceder á ampliación do rebaixe de beirarrúa que delimita o vao permanente do garaxe de dita Comunidade na rúa Calvo Sotelo, 214: a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe técnico favorable e a documentación obrante no expediente, acordou acceder ó solicitado, coas seguintes condicións:

1.- As obras axustaranse estríctamente ás solicitadas, non podendo sobrepasar a lonxitude do vao, os 3 mts., como máximo.

2.- Deberanse deixar libres de paso as vías públicas, coa prohibición expresa de amontoar nas mesmas materiais de construcción, escombros, andamios, etc, quedando completamente limpas unha vez realizadas as obras.

3.- Estímase un prazo de execución das mesmas de tres meses.

- Imposto por Obras, Instalacións e Construccións: **6 €.**

K) D. JOSÉ LUIS ARMESTO VALIÑA.-

Vista a solicitude formulada pola **D. JOSÉ LUIS ARMESTO VALIÑA;** titular do D.N.I. nº 76.616.511-S e domiciliado en Vilar, 2 (S. Salvador de Vilar de Sarria); interesando a concesión de licencia municipal para proceder á construcción parcial de peche diáfano en finca denominada “Vilar” ou “Souto de Vilarairo” (Pol. 10, Parc. 453 do catastro de rústica do Concello de Sarria), sita en Vilar (S. Salvador de Vilar de Sarria); e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Polo interesado procédese á presentación de solicitude de licencia de obras para a citada instalación en data 8 de Marzo de 2.007, rexistrada co nº 2.049 do Rexistro Xeral deste Concello.

Así mesmo, no expediente consta aportada denuncia formulada en data 18/01/07 por DNA. MARIANELA PIÑEIRO RODRÍGUEZ, pola que pón en coñecemento deste Concello a realización de obras de peche de finca diante da casa da súa propiedade sita en Vilar, 72 (Vilar de Sarria), afectando á sua vivenda e a un camiño veciñal.

SEGUNDO: Por este Concello, a medio de resolución de alcaldía de data 16/03/07, procédese á incoación a D. JOSÉ LUIS ARMESTO VALIÑA, de expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas indicadas obras, con apertura de período de alegacións, dereito que é exercitado polo denunciado mediante a presentación de escrito ante este Concello en data 22/03/07.

TERCEIRO: No expediente consta emitido informe técnico de data 26/04/07, no que se fai constar a necesidade de presentación do correspondente proxecto, asinado por técnico competente.

CUARTO: En data 2 de Maio de 2.007, por este Concello procédese á remisión do citado expediente á Consellería de Cultura, ó atoparse a ubicación das obras pretendidas en zona de protección do Camiño de Santiago, coa fin de recaba-lo preceptivo informe, necesario para poder continua-la tramitación do expediente referenciado.

QUINTO: Pola Consellería de Cultura, "Dirección Xeral de Patrimonio Cultural", en data 9 de Xullo de 2.007, procédese a adopción de resolución ó respecto do citado expediente, non autorizando a instalación pretendida, "*ao constatarse que parte do peche xa está executado, polo que cómpre requirir ao Concello para que proceda a incoar expediente de REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA, de acordo cos artigos 209 e seguintes da Lei 9/2.002, de 30 de Decembro, de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia"*.

Así mesmo, indícase na propia resolución, que "*Con respecto ás obras executadas, infórmase que a solución proposta non se adapta aos criterios da Lei 9/2002 e 15/2004 e polo tanto considérase que o proxecto de legalización debería corrixir a proposta de desenvolvendo unha solución que dende o punto de vista*

arquitectónico e de protección do patrimonia, dea cumprimento o artigo 42 c, 104 e 106 da Lei 9/2002 e 15/2004…"

SEXTO: A medio de Decreto de data 18 de Xullo de 2.007, procédese á solicitude de informe técnico ó respecto de si as obras executadas se axustan á solicitude formulada polo interesado e ás condicións esixidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural; sendo emitido o mesmo en data 23/07/07 e no que se fai constar que *"dichas obras no cumplen parcialmente la distancia mínima de 4 m al eje de la vía pública y no se ajustan a las condiciones impuestas por la Consellería de Cultura e Deporte (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural)"*.

SÉTIMO: Por este Concello, a medio de resolución de alcaldía de data 27/07/07, procédese a poñer de manifesto o expediente instruído para a reposición da legalidade urbanística ós interesados ós efectos de que perante o prazo de quince días, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

OITAVO: Polo interesado, en data 13 de Agosto de 2.007, procédese á presentación neste Concello, de Memoria-Proxecto de legalización, adaptando o peche solicitado ó entorno e á paisaxe (art. 42 c), 104 e 106 da Lei 9/2.002 e 15/2.004).

Así mesmo, na mesma data, o interesado procede á presentación de novo escrito de alegacións ó expediente de reposición da legalidade urbanística incoado.

NOVENO: No expediente consta informe técnico emitido en data 19/10/07, ó respecto das alegacións formuladas, ratificándose o técnico no seu informe evacuado en data 23 de Xullo de 2.007 no que se facía constar o incumprimento parcial dos retranqueos e o non axuste das obras ás condicións impostas pola Consellería de Cultura e Deporte ("Dirección Xeral de Patrimonio Cultural").

DÉCIMO: Por este Concello, a medio de escrito de data 21/11/07, procédese á remisión á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de copia de decreto de alcaldía de data 16/03/07 polo que procede á incoacción do oportuno expediente de reposición da legalidade urbanística, xunto con copia de informes técnicos emitidos en datas 26 de Abril, 23 de Xullo e 19 de Outubro de 2.007; así como exemplar de proxecto de legalización de peche de finca presentado polo interesado en data 13/08/07.

UNDÉCIMO: En data 2 de Xuño de 2.008, pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, adóptase resolución ó respecto do citado expediente de obras, non autorizando a solicitude *"ao non ser legalizables as obras realizadas tal e como se reflicte no propio informe técnico municipal de data 23 de xullo de 2.007 (…as obras non cumpren parcialmente a distancia mínima de 4 metros ao eixo da*

vía pública e non se axustan ás condicións impostas pola Consellería de Cultura e Deporte)".

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: A normativa urbanística deste Concello (Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal) aplicable ós terreos onde se pretende a construcción, deberase adaptar ós preceptos contidos na Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro; así como cumprimenta-lo disposto na Disposición Transitoria Primeira da Lei 3/1996, de 10 de maio, de "Protección dos camiños de Santiago" pola que se regula a delimitación, deslinde e réxime urbanístico do Camiño; e Resolución de 12 de novembro de 1.992 da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura e Xuventude, pola que se concreta e define a delimitación do conxunto histórico do camiño de Santiago (Camiño Francés).

SEGUNDO: No expediente constan emitidos os preceptivos informes xurídico e dos Servicios Técnicos Municipais.

TERCEIRO: Que de conformidade coa normativa antedita, non se poderá proceder á concesión da correspondente licencia de obras municipal, sen a preceptiva autorización do organismo titular do dominio público onde se pretende executa-las obras.

Á vista do que antecede e os informes desfavorables emitidos ó respecto; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Denega-la licencia solicitada por **D. JOSÉ LUIS ARMESTO VALIÑA,** para proceder á construcción parcial de peche diáfano en finca denominada "Vilar" ou "Souto de Vilarairo" (Pol. 10, Parc. 453 do catastro de rústica do Concello de Sarria), sita en Vilar (S. Salvador de Vilar de Sarria); ó non contar coa preceptiva autorización da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, "Dirección Xeral de Patrimonio Cultural".

2.- Ó propio tempo e en cumprimento da resolución adoptada pola Consellería de Cultura, "Dirección Xeral de Patrimonio Cultural", en data 2 de Xuño de 2.008, requerir ó interesado para que, no prazo de tres meses, proceda á demolición das obras executadas sen a preceptiva licencia municipal (construcción parcial de peche diáfano en finca denominada "Vilar" ou "Souto de Vilarairo" (Pol. 10, Parc. 453 do catastro de rústica do Concello de Sarria), sita en Vilar (S. Salvador de Vilar de Sarria).

3.- Así mesmo, advertir ó interesado de que, en caso de incumprimento do referido no apartado anterior, procederase por este Concello á súa execución forzosa, ben mediante execución subsidiarias por conta do interesado, ben mediante a imposición de multas coercitivas reiterables ata logra-la execución, polo suxeto obrigado, de conformidade cos artigos 95 e seguintes da Lei 30/92, do 26 de novembro, de "Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común".

4.- Notifica-lo presente acordo ós interesados coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

13.- LICENCIAS DE PARCELACIÓNS.-

A) D. LUIS EUGENIO VIZCAÍNO GONZÁLEZ.-

Vista a solicitude formulada por **D. LUIS EUGENIO VIZCAÍNO GONZÁLEZ,** titular do D.N.I. nº 76.622.303-B e domiciliado en Rendar, 43 de O Incio; a medio da cal interesa licencia municipal de parcelación de finca sita en Corbelle, de 6.870 m^2 de superficie, da que se pretende segregar unha parcela de 3.169 m^2, segundo o proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, D. José María Escudero Tomás; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe do Sr. Aparellador Municipal, acordou concede-la licencia de parcelación interesada segundo se fai constar na documentación gráfica que se acompaña e que resulta da seguinte forma:

1.- De acordo cos datos do proxecto técnico presentado, a finca atópase dentro de Núcleo Rural e Solo Rústico das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes neste Municipio.

2.- A finca matriz de 6.870 m^2 está situada en Corbelle, e da que se pretende segregar unha parcela, quedando as fincas resultantes coas superficies que a continuación se sinalan:

PARCELA Nº	**SUPERFICIE EN M^2**
1	3.169 m^2

RESTO FINCA MATRIZ	3.701 m^2 *Núcleo Rural*: 1.376 m^2 *Solo Rústico*: 2.325 m^2

B) D. JOSÉ LUIS LÓPEZ LÓPEZ.-

Vista a solicitude formulada por **D. JOSÉ LUIS LÓPEZ LÓPEZ,** titular do D.N.I. nº 34.217.413-Z e domiciliado na rúa Benigno Quiroga, 90; a medio da cal interesa a modificación de licencia municipal de parcelación de finca sita na rúa Benigno Quiroga, outorgada por esta Xunta de Goberno en sesión de data 18/07/07, ó detectarse erro no cómputo da superficie da finca que figuraba no proxecto técnico presentado ó non ser tida en conta unha porción de terreo anteriormente segregada de 82 m^2 e agregada á finca colindante da Empresa "CAMPSA, S.A" (pasando polo tanto, de 2.250 m^2 a 2.168 m^2); a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe do Sr. Aparellador Municipal, acordou proceder á modificación da licencia de parcelación interesada segundo se fai constar na nova documentación gráfica que se acompaña e que resulta da seguinte forma:

1.- De acordo cos datos do proxecto técnico presentado, a finca atópase dentro das Ordenanzas Residencial Mixta e Espacio Libre das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes neste Municipio e Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro.

2.- A finca matriz de 2.168 m^2 está situada na rúa Benigno Quiroga, da que se pretende segregar unha parcela de 120 m^2, para posteriormente agrega-la a outra finca, de superficie inicial de 1.240 m^2, quedando as fincas resultantes coas superficies que a continuación se sinalan:

PARCELA A SEGREGAR

Nº PARCELA	**REFERENCIA CATASTRAL**	**SUPERFICIE PARCELA**	**PARCELAS SEGREGADA**

A (Finca Matriz)	9870007PH2397S0001EE	2.168 m^2	*Parcela nº 1*: 120 m^2

PARCELAS RESULTANTES DA PARCELACIÓN E POSTERIOR AGREGACIÓN

Nº PARCELA	**PROPIETARIO**	**SUPERF. PARC. INIC.**	**SUPERF. PARC. SEGREGADA**	**SUPERF. PARC. FINAL**
1	José Luis López López e Benigno López Villar	2.168 m^2	120 m^2	2.048 m^2
2	David Rodríguez Díaz	1.240 m^2	120 m^2	1.360 m^2

C) "EXPLOTACIÓN DE GASOLINERAS, S.L" .-

Vista a solicitude formulada por **"EXPLOTACIÓN DE GASOLINERAS, S.L",** titular do C.I.F. nº B-36.619.500 e domicilio a efectos de notificacións na rúa Benigno Quiroga, 92; a medio da cal interesa licencia municipal de parcelación de finca sita na rúa Benigno Quiroga, 92, de 5.410,60 m^2 de superficie, da que se pretende segregar unha parcela de 100 m^2 para posteriormente agrega-la a outra finca, segundo o proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, D. Diego Fernández Otero; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe do Sr. Aparellador Municipal, acordou concede-la licencia de parcelación interesada segundo se fai constar na documentación gráfica que se acompaña e que resulta da seguinte forma:

1.- De acordo cos datos do proxecto técnico presentado, a finca atópase dentro da Ordenanza Residencial Aberta das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes neste Municipio e Lei 9/2.002, de 30 de Decembro de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro.

2.- A finca matriz de 5.410,60 m^2 está situada na rúa Benigno Quiroga, 92, da que se pretende segregar unha parcela de 100 m^2, para posteriormente agrega-la a outra finca, de superficie inicial de 1.025,47m^2, quedando as fincas resultantes coas superficies que a continuación se sinalan:

PARCELA A SEGREGAR

Nº PARCELA	**REFERENCIAS CATASTRAIS**	**SUPERFICIE PARCELA**	**PARCELAS SEGREGADA**
A (Finca Matriz)	9870018PH2397S0001BE 9870011PH2397S0001EE 9870014PH2397S0001UE 9870007PH2397S0001 JE 9870015PH2397S0001HE	5.410,60 m^2	*Parcela nº 1*: 100 m^2

PARCELAS RESULTANTES DA PARCELACIÓN E POSTERIOR AGREGACIÓN

Nº PARCELA	**PROPIETARIO**	**SUPERF. PARC. INIC.**	**SUPERF. PARC. SEGREGADA**	**SUPERF. PARC. FINAL**

1	“Explotación de Gasolineras, S.L”	5.410,60 m^2	100 m^2	5.310,60 m^2
2	“CEPSA EE.SS”	1.025,47 m^2	120 m^2	1.125,47 m^2

D) D. FELIPE E D. JOSÉ MANUEL PARGA GARCÍA.-

Vista a solicitude formulada por **D. FELIPE E D. JOSÉ MANUEL PARGA GARCÍA,** titulares dos D.N.I. nº 05.281.839-K e 05.221.376-P, respectivamente e domicilio a efectos de notificacións en Betote; a medio da cal interesa licencia municipal de parcelación de finca sita en Betote, de 2.021 m^2 de superficie, que se pretende segregar en dúas parcelas, segundo o proxecto técnico redactado polo Arquitecto, Dna. Susana Orgaz López; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe do Sr. Aparellador Municipal, acordou concede-la licencia de parcelación interesada segundo se fai constar na documentación gráfica que se acompaña e que resulta da seguinte forma:

1.- De acordo cos datos do proxecto técnico presentado, a finca atópase dentro de Núcleo Rural das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes neste Municipio.

2.- A finca matriz de 2.021 m^2 está situada en Betote, e preténdese segregar en dúas parcelas, quedando as fincas resultantes coas superficies que a continuación se sinalan:

PARCELA Nº	**SUPERFICIE EN M^2**
1	1.010,50 m^2
2	1.010,50 m^2

E) DNA. Mª LUISA VÁZQUEZ ARIAS.-

Vista a solicitude formulada por **DNA. Mº LUISA VÁZQUEZ ARIAS,** titular do D.N.I. nº 76.615.822-Q e domiciliada na rúa San Lázaro, 7; a medio do cal interesan licencia municipal de parcelación de segunda planta de vivenda da zona I de finca sita na rúa San Lázaro, 7, de conformidade con memoria redactada ó efecto, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Polos interesados, segundo memoria de segregación aportada, preténdese segregar unha parte de finca sita na rúa San Lázaro, 7, correspondente con segunda planta de vivenda.

SEGUNDO: No expediente figura aportado o informe desfavorable do Técnico municipal, no que fai constar os seguintes extremos:

"1º) Que a memoria de segregación adxunta é confusa, non define con claridade o que se pretende. Destacando que dada a tipoloxía de vienda unifamiliar sería indivisible, e en caso de pretender dúas vivendas, a documentación a aportar sería proxecto técnico redactado por arquitecto, onde se xustifique que o segregado cumpre a normativa esixida para vivenda e que a solicitude sería de licenza para a división de vivenda existente en dous, xustificando ademáis a normativa urbanística conforme ó establecido no artigo 195.4 da Lei 9/2.002, de 30 de Decembro, de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2004, de 29 de Decembro.

2º) Polo que segundo o exposto anteriormente, infórmase DESFAVORABLEMENTE o solicitado."

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Que a normativa urbanística aplicable no presente caso é: Lei 9/2.002, de 30 de Decembro, de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia" (art. 196), modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro; Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por

unanimidade, acordou:

1.- Desestima-la solicitude formulada por **DNA. Mª LUISA VÁZQUEZ ARIAS,** para parcelación de segunda planta de vivenda da zona I de finca sita na rúa San Lázaro, 7.

2.- Notifica-lo presente acordo á interesada coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

14.- ESTUDIO DE DETALLE PARA SINALAMENTO DE ALINEACIÓNS E RASANTES E ORDENACIÓN DE VOLUMES PROMOVIDO POR D. JOSÉ MANUEL ALVAREDO QUINTANA NA RÚA FORNOS DE ATRÁS, 21.-

Visto o **ESTUDIO DE DETALLE PARA SINALAMENTO DE ALINEACIÓNS E RASANTES E ORDENACIÓN DE VOLUMES NA RÚA FORNOS DE ATRÁS, 21,** redactado polo Arquitecto, D. Antonio Taboada López e promovido por *D. JOSÉ MANUEL ALVAREDO QUINTANA*; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria coa abstención da Sra. Concellala Dna. Violeta Bernardo Vázquez, acordou:

1.- Aprobar inicialmente o Estudio de Detalle redactado para Sinalamento de alineacións e rasantes e ordenación de volumesrdenación de Volumes na rúa Fornos de Atrás, 21.

2.- A presente aprobación, de conformidade co previsto no artigo 77 da Lei 9/2.002, de 30 de decembro, de "Ordenación urbanística e protección do Medio rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro, determinará, por sí só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias naquelas zonas incluídas dentro do ámbito territorial do citado Estudio de Detalle.

3.- Someter a información pública o citado proxecto, conforme se determina no artigo 86.2 da citada Lei 9/2002, de 30 de decembro.

15.- DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

Vista a solicitude formulada por **"CARTOGAL, S.L",** con domicilio social na rúa Augusto González Besada, 10-2º de Pontevedra; interesando a devolución de avais bancarios depositados en concepto de garantías provisional y definitiva para responder das obrigacións derivadas da adxudicación do Concurso para a execución dos traballosde *"ASISTENCIA TÉCNICA PARA ACTUALIZACIÓN CATASTRAL*

NO CONCELLO DE SARRIA"; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou acceder ó solicitado.

16.- EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA "ENLACE VIARIO ZONA ESCOLAR LU-633, 1ª FASE (SECTOR A)".-

Visto o expediente administrativo de referencia, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Prestar aprobación ó expediente de contratación que se tramita relativo á contratación das obras comprendidas no Proxecto de ***"Enlace Viario Zona Escolar LU-633, 1ª Fase (Sector A).***

2.- Prestar aprobación ó Prego de cláusulas Administrativas Particulares redactado que rexerá a contratación.

3.- Optar, a proposta da Alcaldía e tendo en conta o disposto nos artigos 154 e 155 da Lei 30/2007, de 30 de Outubro, de "Contratos do Sector Público", polo procedemento negociado sen publicidade como forma de adxudicación do presente contrato.

4.- Que polo Sr. Alcalde-Presidente se proceda á realización dos trámites pertinentes encamiñados á convocatoria da correspondente licitación.

17.- TERRAZAS DE VERÁN:

A) "AVE TURUTA".-

Vista a solicitude formulada por **D. JOSÉ MANUEL EXPÓSITO REAL,** titular do D.N.I. núm., 76.620.462-X e domiciliado na rúa Calvo Sotelo, 165-167, 2º D; interesando autorización para colocación dunha terraza de verán diante do establecemento da súa propiedade, denominado *"AVE TURUTA"*, sito na rúa Gregorio Fernández, 36, cunha lonxitude de 6 mts e unha anchura de 2 mts, o que supón unha superficie total de 12 m^2 e ocupando o espacio destinado a aparcamento, sobor dunha tarima de madeira que elevará ésta ata iguala-la coa beirarrúa, quedando libre e expedita a calzada e a beirarrúa para o paso de vehículos e peatóns; e

<u>ANTECEDENTES DE FEITO</u>

PRIMEIRO: Polo interesado procédese á presentación da correspondente solicitude de licencia en data 4 de xuño de 2.008, xunto coa aportación de croquis de ubicación da terraza.

SEGUNDO: No expediente consta emitido en data 05/06/08, informe da Policía Local deste Concello, no que entroutros extremos, expónse o seguinte:

- *"Que si se autoriza dicha concesión, una vez que por la noche se cerrara el local, la plataforma quedaria perenne y por falta de visibilidad podría haber accidentes con graves consecuencias."*

TERCEIRO: Así mesmo, no expediente consta emitido o preceptivo informe técnico de data 12/06/08, no que se especifica entroutras condicións, a seguinte:

- *"A instalación será provisional prohibiéndose anclajes o sujecciones que dañen el pavimento y estructuras de cubrición de dicha plataforma, y durante el horario de apertura, retirando dicha plataforma todos los dias después del cierre del local."*

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Que a normativa urbanística aplicable no presente caso é: Lei 9/2.002, de 30 de Decembro, de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro; Decreto 28/1.999, de 21 de Xaneiro, polo que se aproba o "Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia"; Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia

Á vista do que antecede e os informes emitidos ó respecto; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Desestima-la solicitude formulada por **D. JOSÉ MANUEL EXPÓSITO REAL,** para colocación dunha terraza de verán diante do establecemento da súa propiedade, denominado *"AVE TURUTA"*, sito na rúa Gregorio Fernández, 36, sobor dunha tarima de madeira que elevará ésta ata iguala-la coa beirarrúa, ocupando o espacio destinado a aparcamento; tendo en conta que dita concesión

suporía a existencia dun obstáculo invadindo a calzada e que podería por en perigo a circulación na rúa onde se pretende a súa ubicación.

2.- Notifica-lo presente acordo ó interesado coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

18.- RATIFICACIÓN DE DECRETOS.-

Vista a **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 359/08**, de data 9 de Xuño de 2008; referente á aprobación de gastos destinados ó Obradoiro de Emprego, dada a urxencia de proceder ó seu pago dentro do prazo concedido pola orde que regula a subvención; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Ratifica-lo Decreto dictado pola Alcaldía en data 9 de Xuño de 2.008.

Vista a **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 345/08**, de data 3 de Xuño de 2008; referente á solicitude de subvención para o DESENVOLVEMENTO DAS LIÑAS DE ACTUACIÓN E ESTÍMULO Á FORMACIÓN DE MULLERES, de conformidade co contido da Resolución de 28 de Abril de 2.008 do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Ratifica-lo Decreto dictado pola Alcaldía en data 3 de Xuño de 2.008.

Vista a **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 346/08**, de data 4 de Xuño de 2008; referente á solicitude de subvención para o DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS EXPERIMENTAIS E INNOVADORES EN MATERIA DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO, de conformidade co contido da Orde do 7 de Maio de 2.008 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Ratifica-lo Decreto dictado pola Alcaldía en data 4 de Xuño de 2.008.

19.- RECLAMACIÓNS TAXA RECOLLIDA DO LIXO.-

Vistas as reclamacións formuladas por veciños deste Concello, en relación á **TAXA POLA RECOLLIDA DO LIXO**; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Estima-las seguintes solicitudes e acceder, segundo proceda, á corrección de erros, devolucións ou baixas no Padrón da Taxa pola Recollida do Lixo polo que respecta ós titulares, enderezos e exercicios seguintes:

EXERCICIO	TITULAR	ENDEREZO	CAUSA
07	López Díaz Cesar	Curros Enríquez 1 P05 J	Erro titular
05/07	Rodríguez Corral Alvaro	Gran Vía 36 P01 B	Erro titular
07	Barro Mario Antonio	Pedro Saco 35 P03 A	Erro titular
04	Modia Costilla Silvina	Calvo Sotelo 199 P03 G	Dupricidade
05	Modia Costilla Silvina	Calvo Sotelo 199 P03 G	Erro titular
06/07	Mapaescla, S.L	Gregorio Fernández 13	Erro titular
07	Vega González Luis Miguel	Gran Vía 35 P03 A	Erro titular
06/07	Freán Pontón José	Lg F.S. Saturnino-Quintela 1	Erro titular
05/07	Lainez Trillo Angel	Av. Becerreá 3 P01 E	Erro titular
07	Rodríguez Tallos Manuel	Lg. Oural-La Esperanza 1 P02 B	Erro titular
02/03	Arias Losada Juan Carlos	Gran Vía 10 1 B	Dupricidade
04/07	Sánchez Pérez Hilario	Curros Enríquez 4 P03 B	Erro documento
04/05	Alvaredo Díaz Pablo	Diego Pazos 89 1 P02 B	Erro titular
05/06	González Somoza Amadeo	Rúa Nova 13 P01	Dupricidade

20.- ESCRITO DE D. JESÚS RODRÍGUEZ PÉREZ REFERENTE A EXECUCIÓN SENTENCIA RECAÍDA EN RECURSO Nº 2006-076-F.-

Á vista das actuacións practicadas no expediente tramitado en relación coa execución da sentencia dictada polo **XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE LUGO** e recaída no recurso nº 2006-076-F interposto por *D. JESÚS RODRÍGUEZ PÉREZ* contra *D. ANTONIO PÉREZ RIGUEIRO*, por realización de obras sen a preceptiva licencia municipal, e, tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Na sentencia dictada procédese á estimación do recurso Contencioso-administrativo interposto por *D. JESÚS RODRÍGUEZ PÉREZ*, anulando a resolución desestimatoria por silencio administrativo da denuncia presentada ante este Concello, solicitando, entroutras, a adopción das oportunas medidas de reposición da legalidade urbanística infrinxida como consecuencia dunhas obras efectuadas por D. ANTONIO PÉREZ RIGUEIRO sen a preceptiva licencia municipal, así como o peche duns terreos que entende son de carácter público; declarando a ilegalidade das construccións referidas; acordando o derrubamento das mesmas, así como a adopción das medidas que sexan procedentes para a reposición da legalidade urbanística.

SEGUNDO: Pola Xunta de Goberno deste Concello, en sesión de data 16 de Xaneiro de 2.008, adóptase acordo de requerimento ó denunciado para que no prazo máximo de tres meses, proceda á demolición das obras executadas sen a preceptiva licencia municipal (peche de terraza de vivenda e construcción de alpendre), así como peche de terreos de carácter público, do que se deixa feito referencia na sentencia, e coa advertencia de que, en caso de incumprimento, procederase á execución forzosa da citada demolición por este Concello.

TERCEIRO: Transcorrido sobradamente o prazo concedido, a esta Xunta de Goberno cónstalle o incumprimento por parte do denunciado do requerimento efectuado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Os Artigos 95 e 98 da Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e o Procedemento Administrativo Común, determinan a posibilidade, de proceder, tralo apercibimento previo, á execución forzosa dos actos administrativos, respetando sempre o principio de proporcionalidade, a traveso, entroutros medios, da execución subsidiaria.

Visto todo canto antecede, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: Requerir novamente ó denunciado, **D. ANTONIO PÉREZ RIGUEIRO,** para que no prazo improrrogable de 10 DÍAS, contados a partires da

recepción da notificación deste acordo, proceda voluntariamente á derruba das obras denunciadas.

SEGUNDO: Sinala-la data do vindeiro día ***31 de Xullo de 2.008*** a partires das 9:00 horas para realización dos referidos traballos de demolición e retirada de residuos por parte dos servizos municipais e coa colaboración da empresa "Excavaciones Juan López López".

TERCEIRO: Notifica-lo presente acordo ós interesados, ós efectos oportunos.

QUINTO: Así mesmo, notifica-lo acordo ós demáis interesados e dar traslado do mesmo ó Arquitecto Técnico ó servizo deste Concello, Servizo de Obras, Xefe da Policía Local de Sarria e á empresa "Excavaciones Juan López López" a fin de teren previsto para o día sinalado cantos medios personais e materiais sexan precisos para levar a termo a completa execución dos traballos e vixia-la súa execución.

21.- SOLICITUDES LICENCIAS APARCAMENTO ESPECIAL DE MINUSVÁLIDO.-

A) D. ENRIQUE CARRETERO VILA.-

Visto o escrito formulado por **D. ENRIQUE CARRETERO VILA,** titular do D.N.I. núm., 76.613.640-L e domiciliado en Praza Galicia, 35-3º A; a medio do cal solicita a renovación de tarxeta de aparcamento especial por minusválido, concedida pola Xunta de Goberno de data 12 de Maio de 2004, para o vehículo marca VOLKSWAGEN GOLF e matrícula 3906 CPC; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, vistos os documentos obrantes no expediente e á vista de que concurren as mesmas circunstancias que motivaron a concesión inicial, acordou:

1.- Acceder ó solicitado e expedi-la correspondente tarxeta de aparcamento especial por minusválido para o vehículo marca VOLKSWAGEN GOLF e matrícula 3906 CPC, de acordo coas mesmas condicións impostas no acordo de concesión de data 12 de Maio de 2004.

2.- A presente autorización efectúase polo período dun ano, transcurrido o cal, o interesado deberá proceder á renovación da mesma, a cal será efectiva unha vez comprobado que concorren os mesmos requisitos esixidos que para a concesión inicial.

B) D. LUIS ANTONIO ROMÁN MONTERO.-

Visto o escrito formulado por **D. LUIS ANTONIO ROMÁN MONTERO,** titular do D.N.I. núm. 76.599.252-Y e domiciliado en Cesar, 5 (Arxevide); a medio do cal solicita a renovación de tarxeta de aparcamento especial por minusválido, concedida pola Xunta de Goberno de data 7 de Xuño de 2006, para o vehículo marca B.M.W e matrícula PO-3987-BD; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, vistos os documentos obrantes no expediente e á vista de que concurren as mesmas circunstancias que motivaron a concesión inicial, acordou:

1.- Acceder ó solicitado e expedi-la correspondente tarxeta de aparcamento especial por minusválido para o vehículo marca B.M.W e matrícula PO-3987-BD, de acordo coas mesmas condicións impostas no acordo de concesión de data 7 de Xuño de 2006.

2.- A presente autorización efectúase polo período dun ano, transcurrido o cal, o interesado deberá proceder á renovación da mesma, a cal será efectiva unha vez comprobado que concorren os mesmos requisitos esixidos que para a concesión inicial.

C) D. ANTONIO CASTRO RODRÍGUEZ.-

Visto o escrito formulado por **D. ANTONIO CASTRO RODRÍGUEZ,** titular do D.N.I. núm. 76.616.483-X e domiciliado na rúa Diego Pazos, 91, Portal 4, 4º A; a medio do cal solicita a renovación de tarxeta de aparcamento especial por minusválido, concedida pola Xunta de Goberno de data 14 de Setembro de 2005, para o vehículo marca B.M.W 735 e matrícula LU-4383-L; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, vistos os documentos obrantes no expediente e á vista de que concurren as mesmas circunstancias que motivaron a concesión inicial, acordou:

1.- Acceder ó solicitado e expedi-la correspondente tarxeta de aparcamento especial por minusválido para o vehículo marca B.M.W 735 e matrícula LU-4383-L, de acordo coas mesmas condicións impostas no acordo de concesión de data 7 de Xuño de 2006.

2.- A presente autorización efectúase polo período dun ano, transcurrido o cal, o interesado deberá proceder á renovación da mesma, a cal será efectiva unha vez comprobado que concorren os mesmos requisitos esixidos que para a concesión inicial.

22.- EXTINCIÓN CONTRATO "ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS RELATIVOS Á ACTUALIZACIÓN CATASTRAL URBANA DO CONCELLO DE SARRIA".-

Vista a **PROPOSTA DE ALCALDÍA**, de data 4 de Xuño de 2.008, pola que se propón á realización dos trámites oportunos encamiñados á extinción do contrato administrativo formalizado coa Empresa ***"CARTOGAL, S.L"*** para a *"ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS RELATIVOS Á ACTUALIZACIÓN CATASTRAL URBANA DO CONCELLO DE SARRIA"*, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: En data 27 de Xuño de 1.996, formalizouse contrato administrativo coa Empresa "CARTOGAL, S.L", para a *"ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS RELATIVOS Á ACTUALIZACIÓN CATASTRAL URBANA DO CONCELLO DE SARRIA"*, adxudicado mediante procedemento negociado sen publicidade.

SEGUNDO: O Prego de condicións económico-administrativas establecía como prazo máximo de execución do contrato o de SEIS MESES, non contemplándose ningún tipo de prórroga nen tácita nen expresa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Cando se adxudica e formaliza o contrato de asistencia técnica o seu réxime xurídico vén determinado pola Lei 13/1995, de 18 de maio, de "Contratos das Administracións Públicas", e supletoriamente, no que non se opoña a ésta, o Real Decreto 1005/74, de 4 de Abril, tal como se recolle así mesmo na cláusula 20 do Prego de Condicións.

SEGUNDO: O artigo 199.1 da citada Lei 13/95, determina que os *"contratos de consultoría e asistencia e os de servicios non poderán ter un prazo de vixencia superior ós catro anos coas condicións e límites establecidos nas respectivas normas presupostarias das Administracións Públicas, se bén poderá preverse no mesmo contrato a súa modificación ou a súa prórroga por mutuo acordo das partes antes da finalización daquel, sen que a duración total do contrato incluídas as prórrogas, poidan exceder de seis anos"*.

TERCEIRO: Esta posibilidade de prórroga non se contempla nen no contrato nen no Prego de Condicións e neste sentido, hai que ter presente, que o Prego é "lex contractus" e vincula tanto á Administración como ós licitadores e ó contratante.

Á vista de canto antecede, e previo-los informes precedentes, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade:

1.- Dar por extinguido por cumprimento do prazo contractual, do contrato formalizado en data 27 de Xuño de 1.996, coa Empresa **"CARTOGAL, S.L",** da *"ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DOS TRABALLOS RELATIVOS Á ACTUALIZACIÓN CATASTRAL URBANA DO CONCELLO DE SARRIA"*, adxudicado mediante procedemento negociado sen publicidade.

2.- Notifica-lo presente acordo á Empresa adxudicataria.

23.- RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR DNA. Mª DEL CARMEN CONDE LÓPEZ CONTRA EXPEDIENTE SANCIONADOR NOTIFICADO.-

Visto o recurso de reposición formulado por **DNA. Mª DEL CARMEN CONDE LÓPEZ,** contra liquidación efectuada de multa imposta á interesada en expediente sancionador incoado a medio de resolución de Alcaldía de data 3 de Decembro de 2.007, e

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: O recurso formulado fundaméntase esencialmente no seguinte:

- A corrección da valoración efectuada das construccións denunciadas e obxecto do expediente de infracción urbanística, conforme ó fallo da sentencia dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, en recurso nº 2005-481-P, debendo circunscribirse únicamente o expediente sancionador á ampliación da vivenda (46 m^2), sen inclusión das obras vinculadas á explotación agrícola existente á entrada en vigor da Lei 9/2.002.

- A excesiva estimación do valor das obras executadas na ampliación da vivenda (300 €/m^2), por canto non están rematadas e debería corresponderse cunha valoración aproximada de 210 €/m^2.

SEGUNDO: No expediente figura aportado novo informe favorable do Técnico municipal, con aportación de nova valoración das obras.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO: Que a normativa urbanística aplicable no presente caso é: Lei 9/2.002, de 30 de Decembro, de "Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", modificada pola Lei 15/2.004, de 29 de Decembro; Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, Lei 30/92, de 26 de novembro, de "Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común", modificada pola Lei 4/99, de 13 de Xaneiro, Lei 7/85, de 2 de Abril, "Reguladora das Bases de Réxime Local", modificada pola Lei 11/99, de 21 de Abril e R.D 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aproba o "Regulamento de Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora".

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria, coa abstención do Sr. Concellal, D. Pablo López Barrera, acordou:

1.- Estima-lo recurso de reposición formulado por **DNA. Mª DEL CARMEN CONDE LÓPEZ,** contra liquidación efectuada de multa imposta á interesada en expediente sancionador incoado a medio de resolución de Alcaldía de data 3 de Decembro de 2.007, acordando a seguinte liquidación:

- MEDICIÓN CONSTRUCCIÓNS OBXECTO EXP. SANCIONADOR…… 46 m^2

- ESTIMACIÓN VALOR OBRAS EXECUTADAS…… 210 €/m^2

  VALORACIÓN OBRAS AMPLIACIÓN DE VIVENDA……..…… 9.660 €

- PORCENTAXE DE APLICACIÓN VALOR OBRAS PARA SANCIÓN…….. 15 %

IMPORTE MULTA A IMPOÑER…… 1.449 €

2.- Notifica-lo presente acordo, xunto coa liquidación efectuada, á interesada coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

24.- ESCRITO DO COLECTIVO DO TAXI DE SARRIA (PARADA DA CIGUÑEIRA) REFERENTE A IRREGULARIDADES DETECTADAS NO SECTOR.-

Visto o escrito formulado polo **COLECTIVO DO TAXI DE SARRIA (PARADA DA CIGUÑEIRA);** a medio do cal poñen en coñecemento deste Concello as irregularidades detectadas no sector polo transporte ilegal de pasaxeiros e equipaxes (mochilas) por conductores carecendo do pertinente permiso local de conductor para actividade de Servizo Urbano de Transportes de Persoas en Automóbiles Lixeiros, para a modalidade B) Auto-Turismo e taxistas de municipios limítrofes; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou darse por enterada.

25.- ESCRITO DE "SOVIVENDA, S.L" REFERENTE A ANULACIÓN DE FIANZA.-

Visto o escrito formulado por **"SOVIVENDA, S.L",** titular do C.I.F. núm., B-27.314.905 e domicilio a efectos de notificacións na rúa Portomarín, 1-Entlo; interesando a anulación de fianza imposta para responder da reposición da pavimentación con motivo da concesión de licenza de obras menores por esta Xunta de Goberno en sesión de data 12/03/08 para proceder á á apertura de zanxa para que posteriormente a correspondente Empresa subministradora (*"UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A"*) procedese a efectuar a instalación eléctrica necesaria para dar servizo a edificio que estaba a construir dita promotora na rúa Formigueiros, 64-68-Esquina rúa Pascual Veiga, 11-21 (de conformidade coa licencia concedida por esta Xunta de Goberno en sesión de data 13/04/05); toda vez que pola Xunta de Goberno de data 04/06/08 procedeuse á concesión a dita Entidade Mercantil da correspondente licenza de 1ª utilización, unha vez efectuada comprobación polo técnico municipal do estado da urbanización; e polo tanto, ó seu xuizo, innecesaria a presentación da fianza imposta; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Acceder ó solicitado, procedendo á anulación da fianza imposta con motivo da concesión de licenza de obras menores en sesión da Xunta de Goberno de data 12/03/08.

2.- Notifica-lo presente acordo ó interesado, coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

26.- ESCRITO DE D. JOSÉ RAMÓN GONZÁLEZ RUÍZ, REFERENTE A PINTADO DE PRAZA DE APARCAMENTO DE MINUSVÁLIDOS Á ALTURA DO Nº 113 DA RÚA CALVO SOTELO.-

Visto o escrito formulado por **D. JOSÉ RAMÓN GONZÁLEZ RUÍZ,** titular do D.N.I. núm., 34.147.467-B e domiciliado na rúa Calvo Sotelo, 113-2º B; a medio do cal solicita o pintado de praza de aparcamento de minusválidos á altura do nº 113 da rúa Calvo Sotelo, para facilita-lo aparcamento das persoas con minusvalía das inmediacións; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe desfavorable emitido pola Policía Local deste Concello, acordou:

1.- Desestima-la solicitude formulada polo interesado, por canto na actualidade non sería convinte proceder ó pintado de prazas destinadas ó aparcamento de minusválidos na ubicación solicitada, por canto se está a elaborar un Estudio de Reorganización do tráfico nas rúas Calvo Sotelo e adxacentes, coa fin de mellora-lo estacionamento e fluidez do tráfico na zona.

2.- Notifica-lo presente acordo ó interesado coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

27.- ESCRITOS DE VECIÑOS REFERENTE A SOLICITUDE DE RESTABLECEMENTO DO DOBLE SENTIDO DE CIRCULACIÓN DO TRÁFICO RODADO NAS RÚAS PORTOMARÍN E FORMIGUEIROS.-

Vistos os escritos formulados por **VECIÑOS DAS RÚAS PORTOMARÍN E FORMIGUEIROS**; a medio dos que solicitan se proceda ó restablecemento do dobre sentido de circulación do tráfico rodado nas rúas Portomarín e Formigueiros ó considerar causa prexuízos ós veciños que se ven afectados pola citada limitación; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, visto o informe desfavorable emitido pola Policía Local deste Concello, acordou:

1.- Desestima-las solicitudes formuladas polos interesados, por canto no momento actual non sería convinte proceder ó restablecemento da dobre circulación do tráfico rodado na zona, por canto considérase que coa nova reorganización efectuada do tráfico en ditas rúas, mellorou notablemente a fluidez do mesmo e a calidade da circulación.

2.- Notifica-lo presente acordo ós interesados coa expresión dos recursos que contra o mesmo procedan.

28.- ORDE DO 26 DE MAIO DE 2.008 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES E SE CONVOCAN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, SUBVENCIÓNS PARA O COFINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVO PÚBLICOS FÓRA DO HORARIO LECTIVO NOS CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2.008.-

Visto o contido da **ORDE** de referencia publicada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Diario Oficial de Galicia de data 11 de xuño de 2008; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1º.- Facultar ó Sr. Alcalde-presidente para formular petición de subvención por importe de **23.905,78 euros,** equivalente ao 80% do orzamento total, destinada a sufragar os gastos derivados da execución do proxecto denominado **"Almorzos saudables 2008"** nos seguintes centros de ensino do municipio:

CEIP Frei Luís de Granada de Sárria, con código de centro: 27012012.
CEIP Antonio Fernández López de Oural(Sárria), con código 27011743.
EEI de Sárria, con código 27014082.

2º.- Aceptar, no caso de que se conceda a subvención solicitada, as obrigas previstas na dita Orde.

29.- ORDE DO 5 DE MAIO DE 2.008 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ESCOLAS DE MÚSICA PÚBLICAS.-

Visto o contido da **ORDE** de referencia publicada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Diario Oficial de Galicia de data 19 de maio de 2008; a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para formular petición de subvención por importe de **32.000,00 euros,** contía máxima sinalada no artigo terceiro da orde do 5 de maio, destinada a sufraga-los gastos derivados do funcionamento da Escola de Música Municipal do Concello de Sárria durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2008 e o 30 de setembro de 2008.

2º.- Aceptar, no caso de que se conceda a subvención solicitada, as obrigas previstas na dita Orde.

30.- COMUNICACIÓNS E DISPOSICIÓNS OFICIAIS.-

Dase conta das seguintes comunicacións e disposicións oficiais:

- De **PRESIDENCIA, "SECRETARIA XERAL DE EMIGRACIÓN",** referente a comunicación de concesión de subvención a este Concello para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollidada poboación retornada e inmigrante.

- Da **EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO**, referente a remisión copia de Sentencia dictada polo Xulgado do Social nº 3 de Lugo, recaída nos autos do xuízo verbal nº 17/2008 sobre despido, seguidos a instancia de *DNA. MARÍA VILLANUEVA FREÁN* contra este Concello.

A Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou darse por enterada.

FORA DA ORDE DO DÍA E PREVIA DECLARACIÓN DE URXENCIA, ADOPTÁRONSE, ENTROUTROS, OS SEGUINTES ACORDOS:

- ***PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS ADXUDICACIÓN PROCEDEMENTO NEGOCIADO DA XESTIÓN, MEDIANTE CONCESIÓN, DA EXPLOTACION DO SERVIZO DE BAR-CAFETERÍA NA ZONA DE O CHANTO.-***

Visto o expediente administrativo de referencia, a Xunta de Goberno, en votación ordinaria por unanimidade, acordou:

1.- Prestar aprobación ó expediente de contratación que se tramita relativo á xestión da ***"Explotación do Servizo de Bar-Cafetería na zona de O Chanto".***

2.- Prestar aprobación ó Prego de cláusulas Económico-Administrativas redactado que rexerá a contratación.

3.- Optar, a proposta da Alcaldía e tendo en conta o disposto nos artigos 154 e 156 da nova Lei 30/2007, de 30 de outubro, de “Contratos do Sector Público”, en aplicación das previsións contidas nos artigos 161.2 e 3 e 162 da citada Lei, polo procedemento negociado como forma de adxudicación do presente contrato.

4.- Que polo Sr. Alcalde-Presidente se proceda á realización dos trámites pertinentes encamiñados á convocatoria da correspondente licitación.

E non habendo máis asuntos de qué tratar, o Sr. Alcalde, levantou a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco menutos, da que eu, Secretario, certifico.

Visto e prace
O Alcalde,